

BANDO INFORMATIVO

DON CÉSAR MANUEL FERNANDEZ GIL, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA, FAI SABER:

Como é de xeral coñecemento da veciñanza, na fin de semana do 30 de agosto ao 1 de setembro celebramos en Ribadavia a Festa da Historia. Para o correcto desenvolvemento desta celebración, e tendo en conta a necesidade de levar a cabo a montaxe e desmontaxe dos diferentes postos do mercado medieval e áreas de xantar, precisamos restrinxir o tráfico no Casco histórico de Ribadavia según as indicacións que se fan a continuación:

- 1) As rúas Salgado Moscoso, Banda La Lira, Yáñez e Praza de San Xoán, terán o tráfico restrinxido dende as 18:00 do xoves 29 de agosto ata as 22:00 do domingo 1 de setembro.
- 2) O resto de rúas e prazas do casco histórico de Ribadavia terán o tráfico restrinxido dende as 18:00 do venres 30 de agosto ata as 22:00 do domingo 1 de setembro.

Prégamos que disculpedes as molestias e pedímosvos a máxima colaboración cos servizos municipais e coa organización da Festa da Historia para que, unha vez mais, disfrutemos ao máximo desta fin de semana de festa no Concello de Ribadavia.

Ribadavia, 29 de agosto de 2024

Asdo. César Manuel Fernández Gil, Alcalde de Ribadavia